



Oh Dios, ¿estás ahí? Reflexiones sobre el creador desde un rincón de África

Mundo Negro, Madrid, 2021. González Núñez, Juan

Para entender este libro, é de grande axuda dicir un par de palabras sobre o autor. É un misioneiro comboniano nacido nunha aldea de Chandrexa de Queixa e que xa hai anos que cumpriu os setenta... Foi case todo na familia comboniana. E cando a maioría se xubila, el retornou á súa querida Etiopía onde traballara nos anos máis novos, en época de fame e ditadura, para facerse cargo dunha misión claramente «*ad gentes*», de primeiro anuncio en etnias que aínda no accederan á fe cristiá. Un misioneiro ata a fin...

Sempre inquedo por transmitir e dar a coñecer mundos ignorados entre nós plasmados en atractivos libros, hoxe regálanos unha reflexión máis persoal madurada en tempos de COVID-19

O libro editado por Mundo Negro é a pregunta sobre Deus.

Quen é Deus? Onde está? Que podemos dicir del?

Dá a razón de ser deste libro nas páxinas 46 e 47, onde conta a experiencia que tivo un día do 1988 no que ía de viaxe en Etiopía cunha relixiosa e cun catedrático de cirurxía. Nun momento dado compartiron a súa fe. Tanto o médico como a relixiosa faláron dunha fe cada día máis cristocéntrica, acorde ao impulso do Vaticano II. Juan, pola contra

... inesperadamente e case coma unha iluminación na que case non reparara antes, eu dixen que o que me viña á mente e me atraía, era a figura dese Deus infinito e misterioso, que o enche todo e todo o envolve, ese Deus que me estremece e ao mesmo tempo me enche de alegría, confianza e paz.

Desde aquí dialoga coa razón (primeira parte), coas relixións (segunda parte).

Paréceme importante algo que o autor sinala xa na introdución. «Quixese tamén que fose un libro no que ninguén, crente ou non crente, pertencente a unha relixión ou a outra, se sentise xulgado ou excluído... No camiño da vida facémonos preguntas... e facemos opcións e os camiños ábreanse a distintas respostas...»

Finalmente o autor seguirá afondando no Deus cristián, na

Biblia como Palabra de Deus e na oración como lugar de encontro con ese Deus. Temas que ocuparon e preocuparon o autor ao longo da súa vida. Cada unha unha destas ideas vainas desenvolvendo no que el chama partes tres, catro e cinco.

É un libro, polo tanto, en cinco partes, que nos permite entrar na alma dun misionero que comparte a súa experiencia nunha reflexión ordenada e atractiva. A súa lectura non nos deixará indiferentes.

Manuel Rodicio Pozo